

### INTERMEDIA: "VISITE O BAR"

Xa o pensei unha vez: pos a un batusi a ver un filme - de super man pola TV e seguro que vai pensar que os - spots, dos intermedios son tamén parte da historia. E ti ¿como lle explica-lo contrario?

Hoxe aínda penso máis: o batusi, en realidade, é un "in-termedia" nato porque non só entendería os spots como parte da historia de super man senón que a totalidade do espectáculo que se abre ante os seus ollos non só - vai estar conformada polo que ocorre na pantalla de TV, senón tamén polo milagre do mando a distancia, a mesa sobre a que está o receptor, os libros da estantería, os sofás do cuarto, etcétera, o propio entorno que el - percibe corporeamente (con tódolos sentidos) na súa to-talidade.

Eu -que non son batusi- de pequeno, cando ía ó cinema percibía o acto de "ir ó cine" como un acto complexo - do que formaban parte o filme que ía ver (moitas veces nin sabíamo-lo título) e tamén (e sobre todo) a peque-na viaxe en tranvía ó centro da cidade, o tacto amanti-ño da tapicería das butacas da sala, os anuncios e mai-lo No-Do, eses folletos ou programas de man que antes daban nalgúns cinemas con fotos de Ava Gardner ou Kim Novak, o xogo de buscar palabras no horrible pano pu-blicitario para o "descanso", as imaxes fixas que indi-caban o intermedio e un imperativo (eu así o entendía) "visite o bar", os avances da próxima carteleira, o -

aviso de se esquecíamos algo no asento, o pastelería - de diante do cinema para despois do filme, o fútbol da esquina... Todo este ritual era para min o espectáculo do "cine".

Leonardo da Vinci -que tampouco era batusi- no seu "Tratado de Pintura" e na súa propia traxectoria exemplificou o caso máis "intermedia" da cultura occidental e -cando tiña que teorizar sobre iso falaba continuamente do ollo, do oído... dos sentidos, da percepción. Polo tanto, non creo que a integración intermedia sexa unha imposición da industria cultural ou de "novas tecnoloxías" e se alguén vai de purista ou de artesanal, o mellor será lembrarle se "esquece algo no seu asento".

A.R. REIXA